



ACTIVIDADES
VERÁN 2012

ENRÉDATE
NA REDE!!!
MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO
PROVINCIAL
DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

ENRÉDATE NA REDE

Os obradoiros pretenden dar unha visión global do museo e do proceso artístico en todos as súas fases e estadios, dende a realización das obras ata a exposición das mesmas nun museo, pasando pola difusión do traballo realizado. Comezará cunha visita de iniciación para o coñecemento básico do Museo.

Inscricións: Departamento de Didáctica do MPLugo (descargue formulario da web <http://www.museolugo.org>).

Os pais/nais ou tutores deberán completar un formulario de inscrición e asinar un permiso de saída, xa que algún dos obradoiros desprazarémonos a outros museos da Rede. Así mesmo, como no transcurso dos obradoiros os participantes realizarán vídeos e fotografías que logo exhibirán nas canles dixitais das que dispón a Rede Museística, tamén é necesario que asinen unha autorización ao efecto.

Idades: de 4 a 15 anos.

Prazas: 40 que se cubrirán por orde de inscrición.

Horario: 10:00 a 14:00 horas

Datas de realización deste obradoiro

Nota aclaratoria: Este obradoiro concíbese como un proxecto único, periodizado en varias fases. Os inscritos participarán en todas as fases xa que o gran obxectivo é dotar ao asistente dos máximos coñecementos e experiencias posibles no tocante ao funcionamento, xestión e divulgación da actividade dos museos.

Do 9 ao 13 de xullo

Nesta semana centrarémonos nas *artes decorativas*, a *etnografía* e a *fotografía*. O mércores, día 11, terán unha saída ao museo de San Paio para compartir obradoiro cos rapaces que realizan o mesmo obradoiro neste museo.

Do 16 ao 20 de xullo

Dedicaremos esta semana a traballar sobre a *pintura* nun obradoiro impartido por **Noa Persán**, no que ademais comezará a traballar na realización dun “Libro de artista”.

O mércores, día 18, desprazarémonos ao Museo Provincial do Mar (San Cibrao, Cervo) para compartir actividade cos rapaces que están a realizar o mesmo obradoiro neste museo.

Do 30 de xullo ao 3 de agosto

Esta semana dedicarémola á *escultura*, *instalacións* e outras disciplinas. Tamén traballaremos sobre as diferentes canles de difusión do traballo realizado. O día 1 de agosto desprazarémonos ao Pazo de Tor para compartir actividade cos rapaces que están a realizar o mesmo obradoiro neste museo.

CAMPAMENTO DE ARQUEOLOXÍA

Do 7 ao 10 de agosto

Nestes días realizaremos unha experiencia práctica consistente nunha escavación arqueolóxica. Impartido por Enrique Alcorta.

21 de agosto

Viaxaremos ao Museo Etnográfico de San Paio de Narla, en Friol, para compartir a xornada cos rapaces e rapazas que participan nos obradoiros dos outros museos da Rede Museística da Deputación de Lugo. A actividade consiste na caracterización de época para a realización de diversos xogos por equipos de carácter competitivo que se inspiran en pasatempos medievais.

DESEÑO E MODA

O deseño e a moda son actividades creativas que pretendemos divulgar e impulsar familiarizando aos mozos e mozas coas súas diferentes facetas. Este obradoiro procurará a inspiración en obras expostas no MPLugo. Impartido por Sara Lage y Maru Calderón.

Quendas

-Do 13 ao 17 de agosto (para mozas e mozos de 14 a 16 anos)

-Do 20 ao 24 de agosto (para mozas e mozos de 11 a 13 anos)

-Do 27 ao 31 de agosto (para mozas e mozos de 8 a 10 anos)

EXPOSICIÓNS

40 anos rodando (Auxilia-Lugo). Refectorio do MPLugo (do 17 de xuño ao 15 de xullo de 2012).

Arte para gozar. Sensualidade e erotismo nos museos da Rede da Deputación de Lugo. Sala de Exposicións do MPLugo (do 12 de xullo ao 30 de setembro de 2012).

Teatro fabulonéricos en feminino (Noa Persán). Sala de Exposicións Pazo de San Marcos (sede da Deputación de Lugo) (xullo, agosto e setembro de 2012).

Outras actividades

Concertos no Xardín: Actuacións en vivo nos Xardíns do Museo, todos os venres dos meses de xullo ás 21:00 horas.

Lugo Cinema: proxección de películas e documentais da videoteca da Rede Museística, todos os sábados de xullo e agosto ás 12:00 horas.

Unha tapa de cultura: Visitas guiadas breves, todos os sábados e domingos de xullo e agosto ás 12.00 horas.

Máis información:

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Praza da Soidade s/n

27001 Lugo

Tfno.: 982 242 112 / Fax: 982 240 240

info@museolugo.org

<http://www.museolugo.org>

Idea e coordinación: **Encarna Lago**

Realización: **Departamento de didáctica do Museo Provincial de Lugo**

Colaboran: **Germán Limeres, Pepa Lombao e M^a Jesús Gómez**